

### **3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA**

#### **INSTRUCCIÓN:**

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
  - 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro **"Galego"** entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
  - 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
  - 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
  - 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
  - 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
  - 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.
- Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es) , logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**



**1. Expresión ou cousa que vai en contra da lóxica ou do sentido común segundo a Real Academia Galega:**

- A) Paradoxo.
- B) Paradoxa.
- C) Paradóxo.
- D) Paradoxal.

**2. Sinalar a serie de formas verbais correcta:**

- A) Andiven, andiveches, andou.
- B) Andei, andaches, andou.
- C) Andei, andiveches, andou.
- D) Andei, andiveches, andivo.

**3. Escoller a palabra incorrecta en galego:**

- A) Fidedigno.
- B) Indubidable.
- C) Fehaciente.
- D) Irrefutable.

**4. Idea ou opinión que se basea en indicios ou aparencias, sen un fundamento certo:**

- A) Conxectura.
- B) Conxetura.
- C) Conxeitura.
- D) Consetura.

**5. Traducir ao galego: "no llegaron a un acuerdo para prorratear las pérdidas de la puja".**

- A) Non chegaron a un acordo para ratear as perdas da poxa.
- B) Non chegaron a un acordo para prorratear as perdas da poxa.
- C) Non chegaron a un acordo para ratear as perdas da puxa.
- D) Non chegaron a un acordo para ratear as perdas da puja.

**6. Indicar a serie correcta na lingua galega:**

- A) Triage, parásito, reptiles, reservorio.
- B) Triaxe, parasito, réptiles, reservorio.
- C) Triaxe, parásito, rétiles, reservorio.
- D) Triaxe, parasito, reptiles, reservorio.

**7. Persoa natural ou habitante de Ourense:**

- A) Orensano–orensana.
- B) Ouresán–ourensá.
- C) Ourensano–ourensana.
- D) Orensán–orensá.

**8. Dos seguintes termos xurídicos escoller o correcto en galego:**

- A) Período de devengo.
- B) Intereses de mora.
- C) Danos e perxuízos.
- D) Prezo xusto.

**9. Indicar a opción incorrecta en galego:**

- A) Táboa de datos.
- B) Requisitos técnicos.
- C) Inscrición electrónica.
- D) Servizo Xeneral.

**10. Marcar a forma correcta en lingua galega para o número 21:**

- A) Vinteún.
- B) Vinteun.
- C) Vintún.
- D) Vinte e un.

Preguntas de reserva

**1. Indicar a serie correcta:**

- A) Pelicano, téxtil, cápside, xaxún.
- B) Pelícano, téxtil, cápside, xaxún.
- C) Pelicano, textil, cápside, xasún.
- D) Pelicano, téxtil, capsid, xasún.

**2. Sinalar a opción correcta:**

- A) Presentou unha querela contra o viúvo por veixar a súa imaxe.
- B) Presentou unha querela contra o viudo por vexar a súa imaxe.
- C) Presentou unha querella contra o viúvo por vexar a súa imaxe.
- D) Presentou unha querela contra o viúvo por vexar a súa imaxe.